

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO CORGO, DO DÍA 3 DE DECEMBRO DE 2015.

PRESIDENTE:

D. José Antonio Ferreiro González.

(PP)

CONCELLEIROS:

ASISTENTES:

D. Felipe Labrada Reija (PP)

D. Marcos TrashorrasReija (PP)

D^a M^a del Mar Gómez Gómez (PP)

D^a. M^a JesúsAlvarez Fole (PP)

D. Javier Cerqueiro González
(PSOE)

D. JesúsSeijas Abuín (PSOE)

D^a Marta López Abeledo (PSOE)

D. Mario Outeiro Iglesias (BNG)

D^a María Abuín Sanfiz (BNG)

D. Francisco Javier Vila Núñez
(DIC)

SECRETARIO:

D. Marco Antonio García-
GabilánSangil

No salón de sesións do Concello do Corgo, ás 12:00 horas do día 3 de decembro de 2015 reúnese o Pleno do Concello coobxecto de celebrar sesión ordinaria organizativa.

Preside o acto o Sr. alcalde D. José Antonio Ferreiro González e asisten os concelleiros que se relacionan á marxe.

Da fe do acto o Secretario, D.
Marco A. García-GabilánSangil

A) PARTE RESOLUTIVA.

1. Lectura e aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión anterior.

Apróbase por unanimidade o borrador da acta da sesión anterior, correspondente ao día 24 de setembro de 2015.

2. Aprobación do orzamento para 2016: estado de gastos e ingresos, bases de execución, cadro de persoal e relación de postos de traballo, anexos de inversión e actualización de retribucións.

O alcalde dá conta do orzamento para o exercicio 2016, que foi sometido a ditame da Comisión Especial de Contas e Informativa permanente de Economía e Facenda, cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Gastos de persoal.....	737.212,21.-
2	Gastos correntes en bens e servizos	961.436,76.-
3	Gastos financeiros.....	2.700.-
4	Transferencias correntes.....	135.200,51.-
5	Fondo de contingencia e outros imprevistos.....	0,00.-
6	Investimentos reais.....	397.089,60.-
7	Transferencias de capital.....	2.000.-
8	Activos financeiros.....	0,00.-
9	Pasivos financeiros.....	0,00.-
SUMA TOTAL DOS GASTOS.....		2.235.639,08.-

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Impostos directos.....	677.507,35.-
2	Impostos indirectos.....	20.100.-
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	270.837,70.-
4	Transferencias correntes.....	1.043.267,42.-
5	Ingresos patrimoniais.....	8.850,88.-

6	Alleamento de investimentos reais.....	600.-
7	Transferencias de capital.....	214.475,73.-
8	Activos financeiros.....	0,00.-
9	Pasivos financeiros.....	0,00.-
SUMA TOTAL DOS INGRESOS.....		2.235.639,08.-

Seguidamente toma a palabra Javier Cerqueiro, quen manifesta que non lle gusta votar en contra, pero vaino facer porque non está de acordo cos orzamentos que se presentan. Pensa que os orzamentos é o máis importante, pero non ve neles un impulso dinamizador para O Corgo. Sabe que non hai débeda e igual hai máis remanente do que debe haber. Pero di que el cre que nos orzamentos participativos, de estar cos veciños, traballar con eles durante máis tempo e, polo tanto, cre que hai outra maneira de facelos. En definitiva, pensa que ao aprobar os orzamentos hai que ter máis dinamización, cre que hai un embudo que impide a inversión. É un orzamento do que se poderían sacar máis cousas, e non se ve acción de goberno.

O alcalde di que para elaborar o orzamento hai que ter en conta uns gastos fixos, e o que sobre é o que hai que discutir.

Cerqueiro di que hai concellos que están peor e fai falta unha acción de goberno que non se ve aquí. Non hai inversión da Xunta nin do Estado.

Marcos Trashorras opina que na aprobación dos orzamentos do concello pouco se pode facer coa intervención da Xunta e da Deputación.

Javier Cerqueiro di que hai que recoller as inversións comprometidas na Xunta e no Estado. Di que o Partido Popular recorta por tódolos lados e que hai que chamar ás portas.

O alcalde explica que se non se aproban os orzamentos o que se vai ocasionar é máis inmovilismo, xa que quedarán sen desenvolver as súas previsións. Comenta que se abriu o máximo posible a tódolos grupos

políticos, e reconece que se hai cousas sen facer é porque non da o orzamento máis de si. En relación coas inversións que ten que facer o Ministerio de Fomento ou outros organismos, se hai que ir, vaise.

Cerqueiro comenta que cando visitan as casas dos veciños, éstos infórmanlles que o grupo de goberno lles vota a culpa de que non se fagan as cousas, porque é a oposición quen vota en contra.

O Alcalde explícalle que hai que cumprir a regra do gasto.

Mario Outeiro di que hai que felicitarse por ser o primeiro pleno que se grava, dando a oportunidade de que poidan velo tódolos veciños, o que entra dentro do ámbito da transparencia e a participación. Centrándose nos orzamentos, hai que felicitarse ao técnico que os desenvolveu, que foi o secretario; cumpren a normativa vixente e se fixeron en pouco tempo. O BNG votará en contra xa que di que para el foi unha decepción o procedemento aberto; hoxe o goberno non ten maioría absoluta e se dotou á Comisión Especial de Contas do carácter de informativa permanente para poder debater os orzamentos. Na primeira reunión debería de haberse presentado un boceto dos orzamentos. Nesa reunión o secretario explicou a parte técnica, pero o grupo de goberno no dixo nada. Nesa reunión o BNG presentou unha serie de propostas de gobernabilidade do concello, en relación co programa do BNG, e como un ano de transición cara o futuro. A postura do BNG era a de chegar a un consenso; prevíase un cambio de actitude na xestión política. O Concello do Corgo non pode seguir xestionado por unha soa persoa, que ven 3 ou 4 horas ó día. O Corgo non ten que afrontar débedas, e hai diñeiro para gastar. Pensa que con menos cartos tamén se pode estirar o gasto, xestionando. En transparencia e participación cidadá non se di nada. Nunha segunda reunión onde se agardaba unha discusión das propostas presentadas polo BNG, e non houbo vontade negociadora ningunha. Se segue a traballar co anterior mecanismo, pero sen respaldo da maioría. Vota a culpa ao goberno municipal de que non se aprobe o orzamento.

O alcalde contesta que o seu grupo abriuse desde o primeiro momento a tódolos grupos políticos, aceptando as obras que propuxeron. Di que todo o que sexa razoable o van apoiar, pero cre que hai unha serie de prioridades, e non se pode facer o que non alcance o presuposto, xa que hai unha serie de gastos fixos (persoal, recollida de lixo, calefacción de varias dependencias, etc). Os cartos son os que son e non se pode facer o que non se pode facer. Comenta que a oposición se quere gobernar hoxe en día, pode facelo, pero cada un terá que asumir a súa responsabilidade.

Javier Vila di que non está totalmente en contra de todo o orzamento, xa que aínda que está a favor do incremento dos salarios do persoal, punto que tratará de sacar adiante, si está en contra do orzamento no seu conxunto. En canto ás inversións -o máis importante do orzamento- pensa igual que o que se acaba de falar. A él non o chamaron para negociar nada. Se recollen obras que se aprobaron nos plenos, xa que é obrigatorio. Di que o concello necesita uns plans ambiciosos para o desenvolvemento para o futuro; crear unhas bases para o futuro, por exemplo, o Corgo necesita un núcleo. En relación coas inversións adicionais, non resultan do estado de ingresos; falta unha negociación.

Engade que apoiará as iniciativas que xurdan do propio concello ao gasto corrente e ao gasto de persoal e que se recolla na prórroga dos orzamentos. As inversións non lles dará apoio, xa que necesitan unha negociación.

O alcalde contesta que se orzamentaron tódalas obras que se plantearon.

Javier Vila di que non se recolle a adquisición da finca no Cambeiro para xerar un núcleo no Corgo, nin facer unhas beirarrúas, nin humanizar a N-VI; é necesario negociar con outras administracións para poder orzamentar inversións adicionais. Debe haber máis xestión. Él propuxo noutra sesión dotar de iluminación ao campo de fútbol e tampouco aparece.

O alcalde di que hai que ser máis realistas xa que o campo de fútbol acaba de rematarse. Parécelle que hai moita demagogia.

Marcos Trashorras di que para facer a humanización da N-VI precísase unha autorización do Ministerio de Fomento, da que non se dispón, polo que non se pode contemplar as inversións das que falan.

O alcalde di que hai que cumprir a regra do gasto e indica que a el gustaría lle deixar as contas a cero. Explica que o remanente deriva dunha xestión propia; a construción do polígono xerou os ingresos dos tributos das licenzas.

Javier Vila di que a realidade é que o concello perde habitantes e debería haber algunha arma para frear isto; debería haber un aliciente para que se instalasen empresas e viñeran máis persoas.

O alcalde di que a perda de habitantes tamén pasa noutros concellos.

Felipe opina que non lle parece ben que diga iso cando tivo responsabilidade de goberno e o puido dicir antes.

Javier Vila contesta que naquel momento non o podía dicir, e agora vese máis libre para facelo.

O alcalde contesta que nunca se lle impediu.

Javier Vila recoñece que no pasado houbo algunha inversión, como o depósito de auga, etc., pero diso xa pasaron anos.

O alcalde argumenta que se fixeron moitas inversións, entre elas a rede desumidoirose de abastecemento de auga, que ten 53 quilómetros de rede, pero que non loce, porque vai baixo terra.

Mario Outeiro considera que a rede de saneamento tan grande é unha desgraza, porque, agás a do polígono, non funciona ningunha e estase botando ao río augas sen depurar. Engade que observa que se identifica o orzamento coas obras a executar e ve unha xestión municipal unipersoal. N súa opinión, os ámbitos como o da cultura e os deportes pódense facer moitas cousas con poucos cartos.

O alcalde replica que non hai unha xestión unipersoal, xa que dique ten consensuado o 80 ou 95 % das decisións co grupo de goberno.

Javier Vila explica que non se sentirá culpable de que non se suba o soldo aos traballadores e que traerá para o vindeiro pleno unha moción para sacar adiante a subida das retribucións dos traballadores, tal e como se merecen, e os demais partidos poderán actuar como consideren. Parécelle indignante que haxa soldos con 700 €. Tamén vai apoiar o contrato que se ía facer a outras persoas.

Rematado o debate, o Pleno, en votación ordinaria, e por 5 votos a favor dos concelleiros do Partido Popular e 6 votos en contra (3 dos concelleiros do PSOE, 2 dos concelleiros do BNG e 1 do concelleiro de DIC), acorda rexeitar os orzamentos para 2016.

O secretario fai constar que a felicitación recibida pola elaboración do orzamento debe estenderse a todo o grupo humano que participou na súa elaboración (David, Mar, Ana, etc,) é dicir, a tódolos compañeiros que traballaron nel.

3. Proposta para a adaptación á nova redacción do Estatuto Básico do Empregado Público da regulación das vacacións e días de permiso por asuntos particulares dos empregados públicos.

O Alcalde dá conta da súa proposta, que literalmente di:

"PROPOSTA

O Real decreto-lei 10/2015, de 11 de setembro, polo que se conceden créditos extraordinarios e suplementos de crédito no orzamento do Estado, modificou a Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, engadindo dúas disposicións adicionais, do seguinte tenor literal:

"Disposición adicional decimocuarta Permiso por asuntos particulares por antigüedad. Las Administraciones Públicas podrán establecer hasta dos días adicionales de permiso por asuntos particulares al cumplir el sexto trienio, incrementándose, como máximo, en un día adicional por cada trienio cumplido a partir del octavo.

Disposición adicional decimoquinta Días adicionales de vacaciones por antigüedad. Cada Administración Pública podrá establecer hasta un máximo de cuatro días adicionales de vacaciones en función del tiempo de servicios prestados por los funcionarios públicos."

Pola súa banda, a Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2016, engade unha nova disposición adicional decimosexta ao EBEP, do seguinte tenor literario:

"Disposición adicional decimosexta. Permiso retribuido para las funcionarias en estado de gestación. Cada Administración Pública, en su ámbito, podrá establecer a las funcionarias en estado de gestación, un permiso retribuido, a partir del día primero de la semana 37 de embarazo, hasta la fecha del parto.

En el supuesto de gestación múltiple, este permiso podrá iniciarse el primer día de la semana 35 de embarazo, hasta la fecha del parto."

En relación cos días adicionais de vacacións por antigüidade e permisos por asuntos particulares, e á vista do establecido nas disposicións citadas, propoño ao pleno que adopte os seguintes acordos:

"1. Cada ano natural as vacacións retribuídas terán unha duración de 22 días hábiles anuais por ano completo de servizos, ou dos días que correspondan proporcionalmente se o tempo de servizo durante o ano foi menor. A estes efectos, os sábados consideraranse inhábiles, sen prexuízo das adaptacións que se establezan para os horarios especiais. Para o cálculo do período anual de vacacións, as ausencia motivadas por enfermidade, accidente, as derivadas do desfrute dos permisos regulados nos artigos 48 e 49 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, terán, en todo caso, e a estes efectos, a consideración de tempo de servizo.

No suposto de ter completado os anos de antigüidade na administración que se indican, terase dereito ao desfrute dos seguintes días adicionais de vacacións anuais:

- Quince anos de servizo: Vintitrés días hábiles.*
- Veinte anos de servizo: Vinticatro días hábiles.*
- Veinticinco anos de servizo: Vintecinco días hábiles.*
- Treinta o máis anos de servizo: Vintiséis días hábiles.*

Ditos días poderanse desfrutar dende o día seguinte ao de cumprimento dos correspondentes anos de servizo.

2. As vacacións desfrutaranse, previa autorización e sempre que resulte compatible coas necesidades do servizo, dentro do ano natural e ata o 31 de xaneiro do ano seguinte, en períodos mínimos de 5 días hábiles consecutivos.

Sen prexuízo do anterior, e sempre que as necesidades do servizo o permitan, dos días de vacacións previstos no punto 1 anterior, poderase solicitar o desfrute independente de ata 5 días hábiles por ano natural.

3. Ao largo de cada ano, os empregados públicos terán dereito a desfrutar de 6 días de permiso por asuntos particulares, sen prexuízo da concesión dos restantes permisos e licenzas establecidas na normativa vixente.

Así mesmo, terán dereito a desfrutar de 2 días adicionais de permiso por asuntos particulares dende o día seguinte ao de cumprimento do sexto trienio, incrementándose, como máximo, nun día adicional por cada trienio cumprido a partir do oitavo.

Tales días non poderán acumularse aos periodos de vacacións anuais. O persoal poderá distribuir ditos días á súa conveniencia, previa autorización dos seus superiores e respectando sempre as necesidades do servizo. Cando por estas razón non sexa posible desfrutar do mencionado permiso antes de finalizar o mes de decembro, poderá concederse ata o 31 de xaneiro seguinte.

Sen prexuízo do anterior, e sempre que as necesidades do servizo o permitan, os días de permiso por asuntos particulares así como, no seu caso, os días de permiso previstos no apartado seguinte, poderán acumularse aos días de vacacións que se desfruten independentemente.

4. Os días adicionais de vacacións correspondentes ao ano 2015 resultantes da aplicación da disposición adicional terceira do Real Decreto-lei 10/2015, de 11 de setembro, poderanse desfrutar de maneira independente.

5.- Establecer para as funcionarias en estado de xestación, un permiso retribuído, a partir do día primeiro da semana 37 do embarazo, ata a data do parto, e a partir do día primeiro da semana 35, no suposto de xestación múltiple.

O Corgo, 27 de novembro de 2015

O ALCALDE,"

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aprobar a referida proposta.

4. Asuntos de urxencia.

Non houbo

B) CONTROL POLÍTICO DO GOBERNO MUNICIPAL

5. Tratamento de mocións.

Trátase a moción presentada polo BNG, con rexistro de entrada 2248, o 29 de outubro de 2015, que defende Mario Outeiro e que literalmente di:

MOCIÓN SOBRE A REGULARIZACIÓN CATASTRAL E A REVISIÓN DA ORDENANZA SOBRE O IBI

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Dirección Xeral do Catastro activou de oficio un proceso extraordinario de regularización catastral, cuxa finalidade principal é localizar aqueles inmóbeis que os seus propietarios (particulares ou empresas) non deran de alta ou non actualizaran no Catastro e, polo tanto, non tributaban por eles ou facíano de forma incompleta.

O denominado Procedemento de Regulación Catastral 2013-2016, impulsado polo Ministerio de Facenda, no caso de que existan inmóbeis e alteracións construtivas realizadas sen declarar ao Catastro, establece un proceso de regularización co pago dunha taxa de 60 euros por cada inmóbel urbano ou parcela que se inscriba.

Esta regularización, ademais do pago da taxa de 60€ por cada alta no Catastro, implicará un aumento do valor catastral do inmóbel revisado e, polo tanto, incrementará tamén a base imponible de tributos como o IBI. A Administración poderá esixir calcular de novo a cota a pagar polo IBI dos últimos catro anos e reclamar a diferenza resultante cos correspondentes intereses de demora. A actualización catastral tamén pode variar a tributación futura por outros impostos: IRPF, IIVTNU, etc.

Por parte do Goberno, para encubrir que en realidade ademais dunha actualización do Catastro tamén se pon en marcha unha ferramenta para incrementar a recadación de determinados tributos, empregouse como denominación deste proceso a expresión "amnistía catastral", argumentando para iso que, co pago desta taxa de forma voluntaria, evítase a aplicación rigorosa da normativa catastral e evítanse multas elevadas aos titulares de inmóbeis non declarados.

Ademais das repercusións tributarias futuras, a taxa lineal establecida, ao aplicarse por cada inmóbel obxecto do procedemento, implica unha desigualdade, respecto de regularizacións de maior entidade ou envergadura (caso, por exemplo, de ampliacións significativas de edificacións) con outras menores (pequenas obras de acondicionamento, anexos de edificacións sen valor residencial, etc). Isto agrávase no caso de fraccionamento da propiedade, característico de Galiza, onde as declaracións de regularización multiplícanse ao afectar a moitas parcelas de escasa dimensión, que aínda sumadas

todas elas, apenas implican cambios relevantes dos bens inmóbeis inscritos no Catastro por un mesmo suxeito pasivo.

Desta maneira, increméntase de forma inxusta a recadación da taxa de regularización catastral, posto que en determinados territorios a multiplicidade de procedementos pola división da propiedade orixinará unha recadación superior aos custes que para a administración catastral ten a xestión de ditos procesos, é dicir, xerarase probabelmente un ingreso superior pola recadación da taxa de regularización catastral ao custe efectivo da xestión administrativa dese proceso.

Para poñer en marcha este procedemento, o Boletín Oficial do Estado (BOE) do 25 de xuño de 2015, publica unha Resolución da Dirección Xeral do Catastro, na que se establece que o "procedemento para a regularización catastral" no concello do Corgo, será de aplicación entre o 26 de xuño de 2015 e o 30 de xullo de 2016.

En aplicación da citada Resolución, moitos veciños e veciñas deste Concello recibiron, reciben e recibirán unha carta da Xerencia Territorial do Catastro, comunicándolles os inmóbeis que procede regularizar "por terse producido circunstancias determinantes dunha alta ou modificación, non declaradas de forma completa e correcta no prazo establecido". Teñen 15 días de prazo para presentar as alegacións e probas que consideren oportuno. Os citados inmóbeis quedarán incorporados ao Catastro con efectos desde o 1 de xaneiro de 2016.

Por último, esta actualización xeneralizada do Catastro vai supoñer un incremento de ingresos para o noso Concello. Isto debería conducir a revisar á baixa o tipo de gravame que se aplica por decisión municipal, a atenuar a carga fiscal que pagan os nosos veciños e veciñas a través do IBI. Por unha banda, con carácter xeral, dado que nos últimos anos

-desde 2012 a 2015- por decisión do Goberno central houbo unha suba dos tipos de gravame xeneralizada imposta para todos os concellos, sendo que no ano 2016 os concellos recuperan a autonomía para fixar o tipo dentro do marco previsto do IBI na Lei de Facendas Locais. Por outra banda, dirixido a aquelas persoas que máis padecen a crise, establecendo para iso bonificacións para aquelas persoas ou familias que contan con menos recursos.

O Concello debe colaborar cos veciños e veciñas afectadas por esta regulación de oficio promovida polo Catastro, facilitándolles información e asesoramento para alegar contra os posibles erros na documentación ou na valoración recollidos na proposta e para reclamar, de ser o caso, a exención ou redución da taxa nos casos de pequenas modificacións que non representen un significativo incremento do valor catastral do inmóbel ou parcela regularizada.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG do Corgo solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

- 1. O Pleno do Concello do Corgo insta ao Ministerio de Facenda a revisar a taxa de regularización catastral, de maneira que se establezan bonificacións e deducións no seu importe:
 - a) Cando afecten a alteracións de entidade menor nos inmóbeis.*
 - b) Cando o mesmo suxeito pasivo sexa obxecto de diversos expedientes de regularización catastral, de forma que ingrese dunha soa vez a taxa por todos os procesos.**
- 2. O Concello colaborará cos veciños e veciñas afectadas por esta regulación de oficio promovida polo Catastro, facilitándolles información e asesoramento para presentar as alegacións que consideren necesarias neste proceso.*

3. *O Pleno do Concello insta ao Goberno Local a presentar unha proposta de modificación da ordenanza reguladora do IBI, para que teña vixencia en 2016, onde se revise o tipo de gravame municipal que se aplica no Imposto de Bens inmóbeis (IBI), tanto:*

a) Con carácter xeral, rebaixándoo dos tipos aplicados entre os anos 2012 a 2015 pola aplicación da normativa básica estatal que impuxo o Goberno central.

b) Como de forma específica introducindo bonificacións dirixidas a persoas e familias con ingresos e rendas baixas, para adaptalo as posibilidades e necesidades que teñen os veciños e veciñas deste concello.

O Corgo, 28 de outubro de 2015

Mario Outeiro Iglesias

Voceiro do Grupo Municipal do BNG"

O alcalde explica que está en contra da suba do Imposto sobre Bens Inmóbeis, pero non se aplica a tódalas edificacións, senón por parcela, segundo lle explicaron aquí os técnicos do catastro, de tal xeito que se hai 5 edificacións nunha parcela só se pagarán 60 € por todas elas. Se son edificacións abertas só pagarán o 50 % e se son pequenas quedan sen efecto e O Corgo pagaría en 2017.

Mario Outeiro respóndelle que non se corresponde coa realidade.

Mario Outeiro manifesta que lle parece abusiva a taxa pola regularización, por iso solicita rebaixar o tipo impositivo do IBI -aínda que é certo que non o ten moi alto- como un xesto a favor dos cidadáns, aplicable ao 2016.

Marcos Trashorras di que os propietarios teñen a obriga de dar de alta as modificacións. Hai unha irregularidade e non haberá sanción. Incluso non debería haber a taxa e que o Catastro o fixese de oficio. O problema é similar cando non se declara a Facenda, esta reclamará os anos dos atrasos. En canto a facer unha rebaixa, o Corgo é un dos concellos que teñen máis baixos os tipos impositivos. Hai concellos gobernados polo BNG que o teñen máis alto. Di que baixar o tipo sen saber como vai repercutir a regularización lle parece prematuro. E xa para o 2016 non habería marxe para poder aplicalo.

O alcalde explica que xa se baixou o tipo impositivo do 0,6 % ao 0,5 %.

A petición de Marcos Trashorras, o secretario explica que para modificar a ordenanza imos xustos de tempo, porque hai que aprobar inicialmente a ordenanza, expoñela ao público, resolver as alegacións –aínda que non é frecuente que se presenten-, e aprobar a ordenanza e publicala antes do 31 de decembro deste ano.

Mario Outeiro di que se non se aplica é porque non houbo boa vontade, porque tempo houbo. E en canto a que o tipo é dos máis baixos, di que hai concellos da contorna que aplican tipos iguais ou parecidos (Castroverde 0,416; Baralla 0,5; Lán cara 0,5...)

O alcalde di que Ribadeo ou Pobra do Brollón téñenos máis altos que o Corgo.

Mario entende que as circunstancias destes concellos son distintas ás do Corgo. O que pide é que se faga para o 2016, e logo xa se fará un reaxuste.

Jesús Seijas comenta que están de acordo practicamente en todo coa moción do BNG, entre outras cousas porque pensaban presentar unha moción similar. Argumenta que nos orzamentos de 2016 hai unha partida na que está orzamentado o IBI e o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.

Se se observan os dous derradeiros anos sobe esa partida un 35%. Opina que a adopción desta medida poderíase ter mirado con anterioridade, sabendo que a lei agora o permite, e antes non. Por todo isto di que o seu grupo votará a favor.

O alcalde contesta que se baixou o tipo impositivo tan pronto como se puido facer. Cre que se debe esperar, o ano 2016 hai que pagalo e ver a incidencia que teñen as altas das delimitacións dos núcleos para adoptar unha medida cara o 2017.

Marcos Trashorras di que ademais da regularización, haberá de terse en conta a incidencia da aprobación do PXOM, polo que é partidario de axustar á baixa o tipo impositivo, pero analizando a repercusión que pode ter estas dúas circunstancias no feito impoñible do IBI. Está de acordo en gran parte coa moción, pero sacando o do 2016.

Felipe Labrada apunta o mesmo, que se saque o do 2016 para facer unha proposta car a 2017 e anos sucesivos á vista dos datos que resulten da regularización.

Mario Outeiro opina que igual que no seu momentose subiu porque si, por decisión do goberno, é dicir, sen ter en conta a situación dos concellos, en concreto a do concello do Corgo, agora que se pode baixar non vai a modificar a moción.

Felipe Labrada pregúntalle que porcentaxe do tipo impositivo propón.

Mario contesta que non traía ningunha porcentaxe concreta, xa que sería para debater, pero pensaba nun 4%.

O alcalde contéstalle que deberá ter en conta que por unha banda están pedindo máis obras e que para iso fan falla cartos para executalas.

Javier Vila cre que vai haber un incremento das bases impositivas do imposto sobre bens inmobles, e que esta medida que se propón polo BNG non afectará aos ingresos do concello, é dicir, non o ve prexudicial.

Marcos Trashorras opina que se a regularización vai ter efectos fiscais en 2017, aínda que se faga no 2016, vai haber un desaxuste se se fai agora a redución do tipo impositivo. Di que o máis acertado é facelo cara o 2017, cando se dispoña dos datos da suba do valor catastral.

Rematado o debate, o pleno, en votación ordinaria e por 6 votos a favor (2 dos concelleiros do BNG, 3 dos concelleiros do PSOE e 1 do concelleiro do DIC) e 5 abstencións dos concelleiros do PP, acorda aprobar a moción que antecede.

De seguido trátase a moción presentada polo grupo do Partido Popular, con número de entrada 2344, do 17 de novembro, que defende Marcos Trashorras e literalmente di:

*"O voceiro/concalleiro do Partido Popular, José Antonio Ferreiro González, abaixo asinante, en nome propio e no do grupo municipal do PP, presenta ao Pleno, para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN EN DEFENSA DO ESTADO DAS AUTONOMÍAS***

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

España é unha nación plural chea de singularidades que é produto dunha longa historia, pero sobre todo da libre decisión dos seus cidadáns e da vontade democrática dos pobos que a compoñen.

España é como os españois quixemos que fose cando recobramos a democracia. España é como decidiron os cidadáns dos diferentes territorios, conscientes de que o Estado das Autonomías era a mellor fórmula de artellar unidade e diversidade.

Galicia, como parte de España, e os galegos, como titulares dos seus dereitos democráticos, fomos protagonistas dese gran pacto histórico. Máis do 90% dos votantes galegos apoiaron a Constitución española no referendo que se celebrou o 6 de decembro de 1978.

Na Constitución española de 1978 recoñécese e garántese a autonomía dos municipios, así como o principio de solidariedade entre as diversas partes do territorio español. Por iso, nin Galicia, nin os galegos, nin tampouco os concellos debemos permanecer alleos aos intentos fraudulentos de liquidalo.

Por iso, a declaración secesionista que determinadas formacións políticas queren levar ao Parlamento de Cataluña é un desafío ao marco de convivencia e concordia que representa a nosa Constitución.

A irresponsabilidade, a deslealdade ou o cálculo persoal e partidario non poden estar por riba dun marco de entendemento e convivencia no que soñaron os españois e galegos de antano, no que vivimos os españois e galegos de hoxe, e no que queremos que vivan harmoniosamente os españois e galegos de mañá.

Opoñémonos ás tentativas de dividir, porque así defendemos un legado, un presente e sobre todo un futuro que desexamos limpo de tensións e enfrontamentos. Estamos convencidos de que a unidade en torno á España das Autonomías e á Constitución das liberdades, permitirá superar este momento difícil cunha responsabilidade clara e inequívoca.

Por tanto, propoño ao pleno do concello de O Corgo, a aprobación dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO: Instamos ao concello de O Corgo, a manifestar a súa firme intención de defender e por en valor o Estado das Autonomías e os dereitos e liberdades garantidos pola Constitución española.

SEGUNDO: Rexeitamos calquera actuación ou declaración que atente contra a unidade de España e poña en risco o actual marco de convivencia e concordia.

TERCEIRO: Instamos a todas as Institucións democráticas a defensa do Estado de Dereito e ao cumprimento da legalidade ante calquera actuación que atente contra a indisoluble unidade da nación española.

CUARTO: Comunicar estes acordos á Xunta de Galicia e ao Goberno de España.

O Corgo, 17 de novembro de 2015"

Cerqueiro di que vai a defender todo isto, xa que a moción cheira a rancio, e o PSOE ten un espírito reformista. Eles defenderon a Constitución española, aínda que outros non crían nela; pensa que hai cousas para cambiar, e o que ve nesta moción é inmovilismo. Vai apoiar a moción, pero cre que esta moción non busca a paz. Pensa que hai que dar pasos e que da moción parece que se deriva que uns están de un lado e outros doutro, e con esas posturas opina que se da xustificación a certas actitudes dos independentistas. A Constitución española valeu de moito, e o proceso de transición foi notable. Na súa opinión hai que falar, e non lle gusta o que se respira nesta moción. Ve unha intencionalidade de ir a polos independentistas e insiste en que hai que dar pasos cara o federalismo.

Javier Cerqueiro di que a referencia do punto 2 da moción referente á unidade de España soa mal.

O alcalde di que o que se defende é a unidade de España.

Marcos Trashorras opina que a Constitución se pode reformar, pero tense a opción de votar en contra da moción. O que hai que ser é coherente e non se pode votar dunha maneira nun sitio e noutra doutra.

Javier Cerqueiro di que pode pensar doutra maneira, el cre na pluralidade de España, pero aquí tal como se plantea a moción parece que se refire a outros tempos. Non recolle a pluralidade de España.

O alcalde di que os problemas veñen de todo o que se aprobe no "Parlament" o aprobaremos nas Cortes.

Mario Outeiro di que España é un estado plurinacional, non unha nación. España é un estado de nacións e ten 500 anos; a nación galega é a primeira nación dende a caída do Imperio Romano e Cataluña será o que queiran os cataláns. A Constitución española xa foi reformada falando entre os partidos nacionais e sen falar con ninguén. Fíxose en plena crise económica, co acordo entre os partidos nacionais, modificando o Art. 135, para dar prioridade para pagar a débeda sen contar coa cidadanía. Moitos cargos do PSOE, cando estaba na Deputación, dicíanlle que tiña toda a razón, xa que esa reforma ía contra os cidadáns e contra das ideas socialistas. Dise que hai que ser solidario, nembargantes, esa solidariedade non se aplica a Galicia, xa que esta é a que máis electricidade xera, que exporta, e non ten bo servizo eléctrico, e os galegos non pagan a electricidade máis barata. Di que está farto de tanto dar e non recibir. Galicia, desde hai 40 anosdo estado das autonomías despobóase, aumenta a emigración, e orixinouse un desequilibrio territorial con destrución de sectores produtivos como o do leite, o conserveiro e incluso diminuíu a xente que fala en galego, etc.

Javier Vila di que está de acordo co fondo da moción e opina que necesítase unha reforma constitucional, pero dentro do marco legal, e desde esa perspectiva vai votar a favor da moción.

O pleno, en votación ordinaria e por 9 votos a favor (5 dos concelleiros do PP, 3 dos concelleiros do PSOE e 1 do DIC) e 2 votos en contra dos concelleiros do BNG, acorda aprobar a referida moción.

Seguidamente, o Pleno trata a moción presentada polo Partido Popular o 17 de novembro de 2015, co número 2345 de entrada, que defende a concelleira Mar Gómez Gómez e que literalmente di:

**MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR
CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL
PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO**

O Grupo Municipal Popular, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta **MOCIÓN**

A violencia de xénero é a máxima consecuencia dun sistema baseado no sexismo e na desigualdade de mulleres e homes. A escola pode contribuír á transformación de relacións de poder entre o alumnado realizando os cambios necesarios para asegurar unha socialización igualitaria que respecte a diversidade de identidades existentes e permita o desenvolvemento persoal tanto das alumnas coma dos alumnos.

A escola é un lugar privilexiado para iniciar grandes transformacións, non obstante, ela soa non pode abordar esta tarefa. Necesita a colaboración máis formal doutras institucións e axentes sociais, así como o apoio directo da súa comunidade educativa máis próxima.

Todas as formas de violencia de xénero, nas súas diferentes manifestacións, aliméntanse dos mesmos problemas de valores, dos mesmos estereotipos caducos e dos mesmos mitos enganosos e que desgraciadamente a poboación máis nova parece estar reproducindo de maneira preocupante ese sexismo e eses estereotipos de xénero que criamos erradicados.

Ante esta situación temos que seguir actuando con medidas específicas. E, sobre todo, a xuventude e a poboación adolescente deben contribuír de xeito singular á fin da violencia contra a muller, sendo necesario que os mozos e as mozas identifiquen e rexeiten condutas sexistas que ás veces, se toleran ou xustifican.

Por todo o anterior

1. O Concello de O Corgo comprométese a levar a cabo actuacións de coeducación en colaboración cos centros educativos do municipio enfocadas á prevención e sensibilización da violencia de xénero entre a o alumnado.

2. O Concello de O Corgo insta á Xunta de Galicia a elaborar un plan de Igualdade no ámbito educativo, co obxectivo de que sirva de referente a toda a comunidade educativa en materia de coeducación e prevención da violencia de xénero, dende unha perspectiva estrutural, integral e transversal.

O Corgo, 17 de novembro de 2015

Asdo.: José Antonio Ferreiro González”

Mario Outeiro maniféstase a favor da moción e di que vixiarán o seu cumprimento. Dá a benvida ao Partido Popular a este eido. Hai pouco debatíase no Parlamento o tema do aborto, que logo retirou o goberno pola oposición popular. O Partido Popular do Corgo, daquela, votara en contra da moción do BNG a prol do aborto. O BNG tamén presentara un rogo para atender ás vítimas da violencia de xénero do Corgo. A actitude do Partido Popular maniféstase nalgún dos seus dirixentes como Castelao Bragaña, quen manifestou, en relación con este asunto, que os rapaces reproducen actitudes do pasado; ou as do Sr. da Riva en Valladolid, e do Sr. Cañete – candidato á presidencia do Parlamento europeo-, que fixo un comentario moi machista. Ese é o exemplo que se dá aos mozos e mozas.

Está a favor da moción, e pide que se cumpra e que a mellor forma de erradicar é traballando cos mozos e mozas.

Marcos Trashorras di que o que expresan algunhas persoas do partido non é o sentir do Partido Popular.

Javier Cerqueiro di que o que ten que facer o Partido Popular é adoptar medidas.

O alcalde comenta que sempre se votou a favor de tódalas mocións de violencia de xénero, e pide a Mario Outeiro que rectifique nas súas manifestacións.

Pechado o debate, o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aprobar a referida moción.

De seguido, o Pleno trata a moción con número de rexistro de entrada 2338, do 13 de novembro, presentada polo grupo municipal do BNG, que é defendida por María Abuín, e que literalmente di:

"MOCIÓN PARA A MELLORA DA SEGURIDADE E O ARRANXO DE DIVERSAS ESTRADAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello do Corgo, como o resto de concellos do rural galego, posúe unha rede de estradas locais ampla que non sempre se atopa no estado de conservación adecuado e que apenas posúe sinalización vertical. Froito disto, e dun frenético arranxo viario preelectoral, moitos cruzamentos provocan dúbidas de interpretación sobre a prioridade de paso ao non haber apenas sinalización vertical (stop ou ceda o paso). Isto provocou nos últimos meses algún accidente de circulación que podía ser evitado dun xeito doado pola administración local.

Por outra banda, segue a haber estradas nun defectuoso estado de conservación que non só dan acceso a núcleos de poboación senón que unen outras estradas converténdose en importantes nós de comunicación locais. A maiores o mal estado de conservación deriva nun perigo para a seguridade dos automobilistas e a dos seus vehículos.

Neste estado atópanse os seguintes viales:

- *Repavimentar un anaco de estrada que comunica Reconco (Cela) coa Cruz do Pico (O Páramo), ao seu paso polo termo municipal do Corgo. Está asfaltada (rego asfáltico) pero posúe numerosas fochanchas concentradas nun tramo pequeno.*

- *Repavimentar, limpar as cunetas e eliminar algún derrubamento de terra na estrada principal de Vilanova (Paradela), ao seu paso polo núcleo. Está asfaltada (rego asfáltico) pero posúe numerosas fochanchas, case non ten cunetas e posúe moi pouca anchura.*
- *Pavimentar o camiño que une Segovia co cruzamento de Boelle da estrada de Arxemil. Atópase en terra.*
- *Pavimentar o camiño que une Campelo con Queizán de Arriba. Atópase en terra.*
- *Pavimentar o camiño que une Vilanova (Paradela) con Farnadeiros (San Pedro), concretamente dende o lugar da Veiga ata O Monte. Atópase en terra.*

Por todo isto, o grupo municipal do BNG do Corgo solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. *Que o concello do Corgo implemente con urxencia a sinalización vertical necesaria para delimitar a prioridade de paso nos cruzamentos das estradas da súa titularidade.*
2. *Que o concello do Corgo proceda a efectuar o arranxo (repavimentación) das estradas de Reconco (Cela) e Vilanova (Paradela) e a pavimentación das de Segovia-Arxemil, Campelo-Queizán e Paradela-Farnadeiros con cargo aosorzos do 2016.*

O Corgo, 13 de novembro de 2015

Mario Outeiro Iglesias

Voceiro do Grupo Municipal do BNG"

O alcalde di que está de acordo, xa que tódalas pistas hai que arranxalas, pero hai que establecer unhas prioridades. Comenta que a de Vilanova é unha aspiración dos veciños, e que igual merecía a pena arranxala, pero

pregúntase con cargo a que orzamentos. O que se pode facer é pasar a motoniveladora e repasar o firme.

Felipe Labrada di que se podía meter zahorra (dous camiós), mentres non haxa orzamento. Tamén é importante coñecer con que orzamento se conta.

O alcalde pregunta a cal se lle dá prioridade.

Javier Vila di que vai apoiar esta moción, e trae un rogo a favor de San Xoán de Segovia.

O alcalde di que se non hai gabias, non se pode asfaltar ata que primeiro se abran.

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aprobar a referida moción.

A continuación o Pleno trata a moción presentada o 30 de novembro polo BNG, con número 2425, que defende Mario Outeiro e que é do seguinte tenor literal:

MOCIÓN PARA A CONSTRUCCIÓN DA ESCOLA INFANTIL DO CORGO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O venres, día 4 de febreiro do 2011, publicábase no Boletín Oficial do Estado o convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación e a Comunidade Autónoma de Galiza para o financiamento de prazas públicas de primeiro ciclo de educación infantil no marco do chamado "PLAN EDUCA 3. 2010".

Este é un plan que arrincaba no 2008, no que o Estado, a través do Ministerio de Educación, colabora coa Xunta de Galiza (aportando 5.276.696 euros para este período), para a creación de prazas do primeiro ciclo de

educación infantil (de 0 a 3 anos) no que se establecen políticas de cooperación entre as distintas administracións, incluídos os concellos, para asegurar a oferta educativa neste ciclo; respondendo, ademais, a necesidade de conciliar a vida familiar e laboral das nais e pais, independentemente do seu lugar de residencia, coa atención e coidado dos seus fillos.

Neste convenio aparecía, entre outros, o concello do Corgo, para creación dunha escola infantil cunha oferta de 20 prazas figurando como administración titular a Xunta de Galiza.

O BNG do Corgo leva presentadas varias iniciativas no pleno ao longo dos últimos anos co fin de que o concello, e nomeadamente o seu alcalde, inste á Xunta de Galiza a acometer unha infraestrutura tan necesaria como esta para O Corgo. Repetidamente o BNG, a través do Deputado lucense Cosme Eladio Pombo, leva preguntando e rexistrando emendas aos orzamentos co fin de que se contemple unha partida orzamentaria para a súa construción, a última delas para os orzamentos do 2016 (as anteriores foron rexeitadas pola maioría do PP no Parlamento de Galiza).

Por todo isto, o grupo municipal do BNG do Corgo solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

- 1. Instar á Xunta de Galicia a que contemple unha partida orzamentaria suficiente no 2016 que permita que O Corgo poida contar cunha Escola Infantil de 0 a 3 anos.*
- 2. Facer chegar a todos os grupos políticos con representación no Parlamento de Galiza a devandita petición.*

O Corgo, 30 de novembro de 2015

Mario Outeiro Iglesias

Voceiro do Grupo Municipal do BNG

Cerqueiro pregunta se non había unha subvención de 120.000 euros para facer unha escola infantil.

Jesús Seijas afirma, xa que saíu publicado no DOG.

Mar Gómez explica que o concello estaba a favor da construción dunha escola infantil no Corgo e veu a Delegada velo sitio; pero se fixo unha sondaxe e só había 3 nenos que se poderían apuntar. Debido ao escaso número de usuarios, pensouse que era mellor crear un Punto de Atención á Infancia (PAI) no colexio de educación primaria, aproveitando espazos que hai libres. É esa a liña na que se está a traballar.

Mario Outeiro di que hai que traballar con máis fruición.

Cerqueiro di que hai que crear servizos para que haxa demanda, se non os hai a xente non os demanda.

O alcalde explica que nalgúns concellos as teñen pechadas, coma no Incio. Pénsase facela no colexio, pero estes servizos (PAI e colexio) dependen de consellerías diferentes.

Mar Gómez comenta que este ano entraron máis nenos no colexio e este centro habilitou outra aula para atendelos e hoxe non sabe que dispoñibilidade teñen.

O alcalde afirma que o concello ten un problema xa que os nenos que estudan secundaria van a Lugo, e os de Maceda e arredores á Pobra de San Xiao. Di que está intentando buscar un acordo entre as dúas consellerías. No termo municipal hai unhas parroquias cuxos veciños fixeron sempre vida na Pobra de San Xiao. Estes si que poderían vir aquí para ter máis alumnos.

Javier Vila di que apoia a moción. Parécelle que houbo bastantes nacementos e sería importante prestar este servizo. Pensa que todo o que se faga é positivo.

O pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aprobar a referida moción.

A continuación, o pleno trata a moción nº 2433, de 1 de decembro, presentada por Javier Vila Núñez, do DIC, que literalmente di:

"MOCIÓN DE APOIO Ó ESCRITO PRESENTADO POR D. JESÚS FERREIRO PÉREZ DE FRANQUEÁN O 14 DE NOVEMBRO DE 2014.

Francisco Javier Vila Núñez, concelleiro do grupo municipal Demócratas Independentes do Corgo (DIC) ven formular para a súa aprobación a seguinte moción en base a:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O camiño público que vai dende a casa da Xesta (Veiga de Ancelos) ata a Casa da Portuguesa (Monte de Silva), atópase intransitable, ata o punto de que a maquinaria agrícola non pode pasar, polo perigo de envorque debido á profundidade de baches e lagoas que se forman nel, polo que como alternativa, os usuarios vense na obriga de circular pola N-VI co risco que isto supón.

Por outra banda, a maleza nas beiras do camiño é tan abondosa que mesmo dificulta o desprazamento a pé polo mesmo; así como as cunetas, que se atopan recheas de escombros e lodos impedindo o desaugue.

E como terceiro punto, o acceso a Outeiro e Franqueán non foi reparado dende a construción da variante nova da citada estrada (1973), obrigando aos veciños da zona sur dar un considerable rodeo por vías alternativas.

Dacordo co exposto no punto quinto do escrito que se adxunta (asinado por D. Jesús Ferreiro en novembro do ano pasado), solicitamos ó pleno da Corporación Municipal a adopción do acordo seguinte:

- 1. Que sexa incluído no Plan de Obras a petición feita, isto é, a realización das obras necesarias para que as citadas vías sexan transitables e cumbran axeitadamente o seu cometido.*

En O Corgo, a día 26 de novembro de 2015

Fdo. F. Javier Vila Núñez

Voceiro do Grupo Municipal DIC"

Javier Vila di que necesita un pouco de reafirmado e con cachote; con eses arranxos valería.

O alcalde explica que desde o hostel Prados gastouse un millón de pesetas, traballando unha motoniveladora e facendo o afirmado, quedando en poñer un taxea ou dous para que non asolague a pista. Di que no tramo que vai desde a casa do Portugués, hai que facerse primeiro co terreo.

Javier Vila di que hai que solicitar autorización ao Ministerio de Fomento para facer as obras no tramo que vai desde o hostel Prados a antiga estrada de Castela.

O pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aprobar a referida moción.

O alcalde comenta que para facela con zavorra.

Javier Vila solicita que se faga unha xestión con Fomento para arranxar o tramo da antiga estrada N-VI.

Seguidamente o pleno trata a moción con número de rexistro de entrada 2435, do 1 de decembro de 2015, presentada por Javier Vila, de DIC, que literalmente di:

"MOCIÓN REFERENTE A REXENERACIÓNS E ASFALTADOS.

Francisco Javier Vila Núñez, concelleiro do grupo municipal Demócratas Independentes do Corgo (DIC) ven formular para a súa aprobación a seguinte moción en base a:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dentro dos recoñecidos como servizos básicos da vivenda atópanse o sistema de abastecemento de auga potable, o sistema de alumado público, o servizo de recolección de residuos sólidos... entre outros, e o sistema de vías tamén forma parte dos servizos básicos da vivenda. Polo que o acondicionamento das vías públicas que acceden ás vivendas dos veciños do concello tamén debe ser algo a ter en conta, tanto pola necesidade física da mesma como pola idea de axuda ós nosos veciños.

Sométese á consideración do pleno municipal a aprobación dos seguintes acordos:

1. Que sexan incluídos no próximo Plan de Obras os arranxos seguintes:

- Asfaltado pista casa Rubén (Chousa) en Marei.*
- Rexeneración en San Estevo de Farnadeiros dende a Igrexa ata a casa de Rosende e casa de Benito.*
- Rexeneración Camiño barrio Don Xulián (San Cristovo).*

En O Corgo, a día 26 de novembro de 2015

Fdo. F. Javier Vila Núñez"

O alcalde, en relación coa obra de asfaltado da pista da casa de Rubén (Chousa) en Marei, di que se abriu á saída a casa do Costureiro, e pensa que de facelo, é mellor facelo todo.

En relación coa obra de rexeneración en San Estevo de Farnadeiros dende a igrexa ata a casa de Rosende e casa de Benito, o alcalde explica que xa está contemplada no anexo de inversións do orzamento para 2016, co nº 19.

Rematado o debate, o pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aprobar a referida moción.

Tralo tratamento da moción anterior, o pleno estudia a presentada polo grupo municipal do PSG-PSOE, con número de rexistro de entrada 2442, do 1 de decembro, que é defendida por Jesús Seijas, e que literalmente di:

MOCIÓN RELATIVA Á ADOPCIÓN DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS NA CONTRATACIÓN

Ao Pleno do Concello de O Corgo:

O Grupo Municipal Socialista do Concello de O Corgo, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa que poida resultar de aplicación presenta, diante do Pleno da Corporación, a seguinte moción, en base á seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A regulación dos distintos tipos de contratos que se poden producir no Sector Público estan perfectamente regulados pola lexislación, aínda así, a Lei permite que as Administracións poidan adaptar os principios de contratación a especificacións que deben de explicitarse de maneira expresa nos distintos procesos que poñan en marcha para a contratación de obras, servizos e/ou subministros. A contratación administrativa debe en todo caso, axustarse ao principio de leiberdade de acceso ás licitacións e transparencia nos procedementos, á non discriminación e á igualdade de trato entre os interesados. Tamén deberán de ser claras as exixencias e definicións previas concordantes coas necesidades a satisfacer para conquistar sempre un proceso de adxudicación que garanta a selección da mellor oferta salvagardando a libre competencia.

A contratación administrativa segue un manual de tramitación segundo se trate dunha contía determinada, así, considérase por un lado a modalidade de contrato menor, e os expedientes de contratación que se definen nos procedementos negociados sen ou con publicidade, e por outro os procedementos de contratación aberta.

O Concelo de O Corgo, nunha porcentaxe moi elevada, segue procedementos de contratación pola modalidade de negociado sen publicidade, e con cláusulas que posibilitan a adxudicación á oferta máis ventaxosa economicamente, sen dúbida un procedemento válido pero viciado na súa resolución pois as adxudicacións favorecen nunha proporción moi elevada ás mesmas empresas.

En todo proceso de contratación, a administración á hora de explicitar nos plegos as disposicións técnicas, pode e debe tamén definir outros criterios que puntuen á hora da adxudicación, como poden ser entre outros a accesibilidade universal aos postos de traballo, a non discriminación, a inserción laboral de persoas con discapacidade; as medidas adoptadas para a inserción de colectivos considerados en exclusión social ou asistencial; as medidas para a contratación de parados de longa duración; os procesos de formación para os traballadores; a implantación de medidas para promover a igualdade de oportunidades entre as mulleres e os homes de conformidade á Lei Orgánica 3/2007; as medidas de conciliación laboral etc.

Por todo elo, solicitamos que o Pleno acorde:

1º Que o Concello para salvagardar a libre competencia formule sempre os procesos de contratación pola modalidade aberta.

2º Que para a adxudicación dos contratos de obras non se teñan en conta as baixas económicas, si as melloras.

3º Que nos plegos de contratación para obras, servizos e subministros figuren as cláusulas sociais que se definan como indispensables na resolución da adxudicación.

O voceiro do Grupo Municipal Socialista

Asdo. Javier Cerqueiro González

Cerqueiro explica que trae esta moción para que haxa máis transparencia nas contratacións.

O alcalde di que sobre este punto solicitou ao secretario do concello que emitise informe ao respecto, e pídelle que o explique.

O secretario da lectura ao informe solicitado, cuxo tenor literal desde o apartado de fundamentos de dereito é o seguinte:

"De conformidade con a legislación vigente se procede a analizar as seguintes cuestións:

1) En relación con a proposta de que os procedementos de contratación se realicen sempre por el aberto, cabe sinalar lo seguinte:

Las normas de contratación administrativa son normas de derecho necesario (iuscogens), por lo que la autonomía de la voluntad de las diferentes administraciones Públicas queda sujeta a los principios, reglas y procedimientos contenidas en aquellas.

En definitiva, la Administración no puede elegir libremente la forma de contratar, ni las condiciones que han de regir en el contrato, ni al contratista, pues al contrario de lo que ocurre en los ámbitos civil y mercantil, en donde rige el principio de la autonomía de la voluntad de las partes contratantes, la contratación pública ha de llevarse a cabo a través de los procedimientos de adjudicación establecidos en el Art 138 del TRLCSP.

Este artículo establece que la adjudicación se realizará ordinariamente utilizando el procedimiento abierto o el restringido, añadiendo que en los supuestos enumerados en los Arts. 170 a 175, ambos inclusive, podrá seguirse el procedimiento negociado, con o sin publicidad, y en los casos previstos en el Art. 180, el procedimiento del diálogo competitivo. Se cierra este conjunto de procedimientos con el reservado para los contratos menores, para aquellos de menor entidad económica, es decir, que no excedan en valor estimado de contrato de 50 mil €, para el caso de las obras, ni de 18 mil € para el caso de los de suministros y servicios.

En el Derecho Comunitario, el Art. 28 de la Directiva 2004/18/CE obliga a los poderes adjudicadores a ajustarse a los procedimientos de adjudicación de contratos.

En definitiva, no se encuentra ninguna disposición en la legislación de contratación pública que habilite para restringir el procedimiento abierto a todas las contrataciones públicas; si bien es el procedimiento ordinario junto con el restringido, pero ello no quiere decir que no se puedan utilizar los

demás procedimientos cuando se encuentre en alguno de los supuestos establecidos en la ley y se justifique motivadamente su utilización.

El nuevo texto refundido de la ley de contratos del sector público, que trae su origen en la ley del 2007, incorpora al derecho interno las directrices , entre otras, de la Directiva 2004/18/CE, efectuando una revisión general de la regulación de la gestión contractual, a fin de avanzar en su simplificación y racionalización, afectando entre otros aspectos, a "los procedimientos de adjudicación, elevando las cuantías que marcan los límites superiores de los simplificados -procedimiento negociado y el correspondiente a los contratos menores- y articulando un nuevo procedimiento negociado con publicidad para contratos no sujetos a regulación armonizada."

Será el órgano de contratación competente quien "justificará adecuadamente la elección del procedimiento y la de los criterios que se tendrán en consideración para adjudicar el contrato", según establece el Art. 109 del TRLCSP.

Por lo tanto es en el expediente de contratación, que se iniciará por el órgano competente de contratación, donde deberá motivarse la necesidad del contrato para el cumplimiento y realización de sus fines institucionales en los términos del Art. 22 del TRLCSP, y la justificación del procedimiento de adjudicación elegido.

En conclusión, el órgano de contratación utilizará los procedimientos de adjudicación relacionados en el Art 138 del TRLCSP, utilizando ordinariamente el abierto o el restringido, pudiendo utilizar también los demás previstos en este artículo, en los términos antes indicados.

2) Órgano competente para elegir el procedimiento de contratación:

En los municipios de régimen común, la competencia en materia de contratación se distribuye entre dos órganos: el alcalde y el pleno.

La disposición adicional 2ª del TRLCSP atribuye al alcalde la competencia para contratar las obras, servicios, suministros, gestión de servicios públicos , los contratos administrativos especiales y los contratos privados cuando su importe no supere el 10 % de los recursos ordinarios del presupuesto ni de la cuantía de 6 millones de €, incluidos los de carácter plurianual, cuando su duración no sea superior a cuatro años, siempre que el importe acumulado

de todas las anualidades no supere el porcentaje indicado, referido a los recursos ordinarios del presupuesto del primer ejercicio, ni la cuantía señalada.

Corresponde al Pleno las competencias como órgano de contratación respecto de los contratos no mencionados en el apartado anterior que celebre la entidad local.

Según esta distribución de competencias, y en relación con lo argumentado en el apartado anterior, es cada órgano de contratación competente, según los límites antes citados, quien deberá justificar el procedimiento de adjudicación a seguir en el expediente de contratación que se inicie. Ya que ni el alcalde tiene competencia en la contratación cuando se superen los límites establecidos en la disposición adicional 2ª, ni el pleno cuando no se superen éstos

3) En relación con la propuesta de que no se tengan en cuenta las bajas económicas y sí sólo las mejoras.

Las Juntas Consultivas de Contratación administrativa han venido estableciendo en numerosos dictámenes que la finalidad de los criterios de adjudicación es determinar qué oferta satisface mejor las necesidades de la entidad adjudicadora y que no puede desconocerse que la contratación pública debe estar en todo caso a la satisfacción, junto a otros principios, de la eficiencia en la elección de la prestación, siendo generalmente el criterio del precio uno de los componentes necesarios para conseguir una adecuada comparación de las ofertas

Siguiendo el dictamen 2/2015 JJCA (Aragón) es cierto que el TRLCSP al regular los criterios de adjudicación en su Art. 150 alude al criterio del precio como uno de los más posibles, según se desprende de la expresión "tales como", y únicamente establece éste como obligatorio cuando se utilice un sólo criterio, "éste ha de ser necesariamente el precio más bajo".

El Art 67 de la Directiva 2014/24/UE declara: " que la oferta económica más ventajosa desde el punto de vista del poder adjudicador se determinará sobre la base del precio coste....

Según el Dictamen antes citado de la JCCA de Aragón el criterio precio tiene una vocación general que aconseja su inclusión como criterio de valoración, lo que no significa que no pueda prescindirse de él, pero tal posibilidad es excepcional. De darse esta circunstancia debe ser motivada con detalle, consignándose en el expediente de contratación las causas que así lo justifican, que deberán estar vinculadas necesariamente al objeto del contrato. En el mismo sentido en los Dictámenes de la JCCA del Estado 28/95, de 24 de octubre, y 29/98, de 11 de noviembre, se declaró " que es difícil imaginar que en este tipo de contratos carezca de interés el factor precio hasta el punto de no incluirlo como criterio de valoración del concurso", y en Informe 44/95, de 21 de diciembre, advirtió que estas prácticas afectan a la esencia de la licitación pública, alterando los principios de libre concurrencia y adjudicación objetiva de los contratos.

Por lo tanto, se puede CONCLUIR que será en el expediente de contratación de cada obra dónde se deberá proceder a tal justificación, pero no en un acuerdo previo y general en el que no se estudia ningún expediente concreto de contratación, y menos, se ha definido con precisión el objeto de un contrato concreto.

4) En relación con las cláusulas sociales.

La derogada Ley de Contratos del Sector Público de 2007 incorporó al derecho interno las directrices de la Directiva 2004/18/CE, incluyendo como novedades "la previsión de mecanismos que permiten introducir consideraciones de tipo social y medioambiental, configurándolas como condiciones especiales de ejecución del contrato o como criterios para valorar las ofertas , prefigurando una estructura que permita acoger pautas de adecuación de los contratos a nuevos requerimientos éticos y sociales, como son los acomodados de las prestaciones a las exigencias de un comercio justo con los países subdesarrollados o en vías de desarrollo ...

El art 150 del TRLCSP establece los criterios de valoración de las ofertas , estableciendo de manera enunciativa, entre otros, los de las características medioambientales o vinculados con la satisfacción de las exigencias sociales que respondan a las necesidades, definidas en las especificaciones del

contrato, propias de las categorías de población especialmente desfavorecidas a las que pertenezcan los usuarios o beneficiarios de las prestaciones a contratar.

Los criterios de valoración de las ofertas, según las JCCA, son de elección discrecional por el órgano de contratación, pero han de reunir las siguientes características: han de estar vinculadas al objeto, las características y la naturaleza del contrato; han de ser objetivos; han de estar ponderados; han de permitir evaluar el nivel de endeudamiento y la relación calidad/precio de cada oferta y deben figurar en el anuncio de licitación, en los pliegos o, en su caso, en el documento descriptivo del contrato

En definitiva, atendiendo al interés público y en función del objeto del contrato, el órgano de contratación goza de cierta libertad para la elección de los diferentes criterios, debiendo en todo caso motivar su elección.

Es cuanto tengo que informar.

O Corgo, 3 de diciembre de 2015

El Secretario.

Fdo Marco A. García-GabilánSangil.”

Javier Cerqueiro aclara que non está dicindo que as actuacións do concello non se axusten á legalidade; só pretende que os procedementos de contratación se adapten á transparencia e solicita ao alcalde que deixe a moción sobre a mesa, co fin de informarse sobre o asunto.

A continuación, o pleno trata a moción con nº de rexistro de entrada 2443, do 1 de decembro, presentada polo grupo municipal do PSG-PSOE, que defende Javier Cerqueiro e que literalmente di:

Ó PLENO DO CONCELLO DE O CORGO

O concelleiro Javier Cerqueiro González, na súa condición de voceiro/a do Grupo Municipal Socialista no Concello de O Corgo comparece e como mellor en Dereito proceda DI:

Que óabeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

MOCIÓN Exposición de motivos:

O Grupo Municipal socialista esta a traballar na configuración dun plan de inversións necesarias para o Concello de O Corgo.

Xunto coas enmendas presentadas os presupostos do Estado (inversión na N-VI, e Ponte do Vao), que foron rechazadas polo Goberno Rajoy, a pesares de ser aprobadas por unanimidade en Pleno desta Corporación, presentamos no mes de novembro, novas enmendas ós Presupostos da xunta de Galicia.

Tras décadas de falla de inversión por parte do Estado e a Xunta de Galicia, ambas gobernadas polo PP, o concello de O corgo necesita dunha discriminación positiva en materia presupostaria. Por elo, ante o Parlamento de Galicia os socialistas presentamos as seguintes enmendas:

Enmendas á Consellería de Infraestructuras e Vivenda:

Proxecto e execución da humanización e redución de peligrosidade da LU-546 (carretera Lugo-Sarria) o seu paso por Maceda (Concello de O Corgo)- 250.000 eur

Dotacións o concello de axudas para aquelas persoas que se decidan a rehabilitar casas no Concello de O Corgo. 70.000 eur

(paraloitar polo grave problema de abandono de moitas parroquias)

Enmendas á Consellería de Medioambiente e Ordeación do Territorio:

Saneamento e traída de augas das parroquias de Queizan e Adai 450.000 eur

(Para a millora da calidade da auga do río Chamoso- Praia Fluvial Chamoso)

Saneamento e traída de auga da parroquia de Chousa-Escoureda. 200.000 eur.

(Para a millora de calidade dos ríos Tordea-Neira- Zona Fluvial Ponte de Neira)

Fiñanciación para proxectos de saneamento e traídas de auga, según criterio cronolóxico da memoria aprobada no PXOM de O Corgo . 60.000 eur

(Consideramos necesario avanzar prazos na memoria do plan Xeral)

Creación de rutas Medioambientais entre Santa Comba- Ponte do Vao- Praia Fluvial do Chamoso. 50.000 eur

Humanización da Ruta XIX .50.000 eur

Creación da ruta ambiental entre Lancara e O Corgo na parroquia de Chousa- 50.000 eur

Enmendas á Consellería de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza :

Proxecto e construción da nova Casa Consistorial de o Concello de O Corgo . 1.500.000 eur

Proxecto para a creación dun complexo deportivo con ximnasio e piscina no entorno do colexio público 50.000 eur

Enmenda a Consellería de Economía, Emprego e Industria:

Dotación ó Concello de O Corgo dunha liña de axudas para todos aqueles que queiran acceder á compra de parcelas, no Polígono Industrial de O Corgo, para establecer as súas empresas. 70.000 eur

Enmendas á Consellería de Medio Rural:

Aportación da Consellería de Medio Rural para facer da feira de Adai un punto de referencia da raza rubia galega. 25.000 eur

Por todo o anterior, propono á consideración do Pleno desta Corporación a Adopción do seguinte acordo:

-Que o Concello do Corgo, aprobe en pleno as enmendas sinaladas, e que posteriormente eleve á Xunta de Galicia a solicitude de que estas enmendas sexan tidas en conta na elaboración dos novos presupostos da mesma para o ano 2016.

En o Corgo a 23 de Novembro de 2015

Asdo. Javier Cerqueiro González

Voceiro do PS de G PSOE no Corgo.

En relación a esta moción Marcos Trashorras comenta que se pode ver cantas obras fixo a Deputación de Lugo no concello do Corgo, xa que o que trouxo obras foi Mario Outeiro dende a Área de Cultura.

Javier Cerqueiro explica que o que pasou é que desde que chegou Núñez Feijoo á Presidencia da Xunta de Galicia, os alcaldes do PSOE non eran recibidos, e iso intentouse compensar coa Deputación.

Pechado o debate, o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aprobar a referida moción.

6. Rogos e preguntas.

Trátase o rogo rexistrado con número 2347 o 17 de novembro de 2015 polo grupo do BNG, que literalmente di:

"ROGO SOBRE A ELIMINACIÓN DO VERTEDOIRO INCONTROLADO DO MONTE DE CELA-CERCEDA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A presenza de pequenos vertedoiros incontrolados no concello do Corgo é unha rémora do pasado que nos persegue ante a inacción do grupo de goberno municipal do PP, que despreza o medio ambiente e non cre nas potencialidades naturais do noso concello como factor de creación de riqueza e emprego. O propio concello deu mal exemplo durante moitos anos tirando o lixo recollido no termo municipal directamente no monte da propia capitalidade (vertedoiro que afortunadamente está clausurado dende hai anos).

Isto pódese evitar levando a cabo unha campaña de eliminación de vertedoiros, sinalización de prohibición de tirar lixo e unha campaña de educación ambiental. Un dos casos máis vergoñentos é o vertedoiro situado no monte existente entre as parroquias de Cela, Cerceda e Lapío (preto da

cantina do monte) xa que é de grandes dimensións e o lixo esténdese pola súa contorna máis inmediata:



Por todo isto, o grupo municipal do BNG do Corgo presenta o seguinte

ROGO

- 1. Que o concello do Corgo elimine o vertedoiro incontrolado do monte existente entre as parroquias de Cela, Cerceda e Lapío.*
- 2. Que se poñan sinais de prohibido tirar lixo na zona.*

O Corgo, 17 de novembro de 2015

Mario Outeiro Iglesias

Voceiro do Grupo Municipal do BNG”

O alcalde di que se limpou.

Felipe Labrada di que é o lugar onde se depositan os plásticos de silo e a xente leva alí de todo.

Mario di que sería bo poñer alí uns carteis disuasorios.

Trátase de seguido o Rogo rexistrado co número 2434, presentado o 1 de decembro por DIC, que literalmente di:

ROGO REFERENTE Á PERIGOSIDADE DA N-VI

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A N-VI foi sempre unha vía cunha importante carga de siniestralidade que atravesa o noso concello. A ausencia de núcleo dictamina a velocidade á que se pode circular pola mesma. Non obstante, os veciños que por ela transitan tanto a pé como no seu vehículo a diario son numerosos expoñéndose á perigosidade da mesma derivada da non limitación de velocidade.

Por isto, o grupo municipal DIC presenta o seguinte

ROGO

- 1. Que se realice un estudio sobre a posibilidade e os beneficios de reducir a velocidade nesta estrada, dende o Merca Más ata o Concello ou incluso a posibilidade de realizar unha rotonda (onde o cruce preto do Bar Andaina) que rompa esta estrutura lineal e que funcione así mesmo como eixo vertebrador dun futuro núcleo e, que se realice unha petición formal ó Ministerio á raíz dos resultados obtidos.*

En O Corgo, a día 26 de novembro de 2015

Fdo. F. Javier Vila Núñez

Voceiro do Grupo Municipal DIC

Javier Vila pide que se realice un estudio de estas propostas.

O Alcalde di que no Corgo a velocidade está limitada a 70 qm/h e en Laxosa a 80 qm/h. Comenta que hai veciños en contra da limitación da velocidade porque poden incrementar as sancións de tráfico.

Javier Vila contesta que o importante é a seguridade vial.

Felipe Labrada recorda que na comisión informativa quedouse de que Javier Cerqueiro á estudar cos técnicos da Deputación o proxecto de humanización da N-VI, ao que se podería engadir esta cuestión.

De seguido trátase o rogo rexistrado con número de entrada 2436 o día 1 de decembro por DIC, que literalmente di:

ROGO REFERENTE Á URBANIZACIÓN NEIRA-SEARA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A obra da urbanización Neira-Seara leva paralizada moito tempo. Este grupo pensa que é importante para o desenvolvemento do concello que se inicien obras que leven consigo a creación dun núcleo e a dinamización e vertebración do concello.

Por isto, o grupo municipal DIC presenta o seguinte

ROGO

- 1. Que se inicien xestións de cara a urbanización Neira-Seara, para averiguar en que situación se atopa e tratar de buscarlle unha saída viable.*

En O Corgo, a día 26 de novembro de 2015

Fdo. F. Javier Vila Núñez

Voceiro do grupo municipal DIC

Javier Vila explica que se trata de saber en que situación se atopa, xa que parece que é dun banco, e habería que mirar de comprar ou negociar con eles, para dálle unha solución.

O alcalde contéstalle que para actuar ahí, hai que urbanizar todo. A finca é dun banco –o SAREB- , e hai uns días chegou un escrito solicitando información para podelo inscribir no Rexistro da Propiedade.

Javier Vila di que hai que facer algo ahí.

A continuación o concelleiro de DIC, Javier Vila di que retira o rogo presentado por DIC o 1 de decembro, con número de rexistro 2437, referente ó arranxo dunha pista na parroquia de San Juan de Segovia, por terse tratado anteriormente nesta sesión.

Trátase o rogo presentado por DIC o 1 de decembro de 2015, con número de rexistro 2438, que literalmente di:

ROGO REFERENTE AO ACONDICIONAMENTO E REPARACIÓN DE ROTONDAS E DA PISTA QUE VAI CARA CASTROVERDE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pavimentación das rotondas que se localizan na entrada e saída da autovía, cara o polígono industrial, e a estrada que vai cara Castroverde, atópanse nalgún tramo estragadas. Este grupo considera importante o seu arranxo, dando que a súa necesidade é prioritaria debido a seu uso como saída da autovía e entrada ao polígono, e viceversa.

Por isto, o grupo municipal DIC presenta o seguinte

ROGO

- 1. Que se inicien as reparacións e limpeza das citadas rotondas e de dita pista se é titularidade do Concello ou, no seu defecto, que se leven a cabo as xestións necesarias para a solicitude ao organismo que ostente a súa titularidade para que as amañe.*

En O Corgo, a día 26 de Novembro de 2015.

O concelleiro de DIC, Javier Vila retira o rogo rexistrado co número 2440 o día 1 de decembro, relativo ó arranxo dos tubos en Alfonxe.

De seguido trátase o rogo presentado polo BNG o día 1 de decembro, rexistrado co número 2441, que literalmente di:

ROGO PARA MELLORAR A SEGURIDADE VIAL EN CHAVÍN (FONTEITA)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É obriga das administracións públicas velar pola seguridade dos seus cidadáns especialmente no que se refire ao uso de infraestruturas da súa titularidade. A rede viaria principal, propiedade do concello, carece dos elementos mínimos que garantan a seguridade dos seus usuarios: sinalización horizontal e/ou vertical, redución de velocidade en tramos próximos ás vivendas, espellos en cruzamentos de pouca visibilidade...

Por todo isto, o grupo municipal do BNG do Corgo presenta o seguinte

ROGO

- 1. Que o concello sitúe un espello convexo co fin de mellorar a visibilidade no cruzamento da estrada de Rubial coa que une Barrio e San Lourenzo (no fondo de Chavín).*

O Corgo, 1 de decembro de 2015

Mario Outeiro Iglesias

Voceiro do Grupo Municipal do BNG

Trátase a continuación o rogo presentado o día 1 de decembro de 2015 con número 2444 polo PSOE, que literalmente di:

Ó PLENO DO CONCELLO DE O CORGO

Don/a. JAVIER CERQUEIRO GONZÁLEZ, na súa condición de Voceiro/a do Grupo Municipal Socialista no Concello de O CORGO comparece e como mellor en Dereito proceda DI:

Que ó abeiro do disposto no artigo 97.6 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización,

Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno o seguinte

ROGO

- 1. Que dada a situación de deterioro, na que se atopa a estrada que une Demondín coa estrada de Arxemil, se proceda en canto sexa posible a subsanación destas deficiencias, así como a dotación en canto sexa posible a este núcleo de auga pública, xá que ten problemas de suministro de pozos autónomos.*

En O Corgo a 23 de Novembro de 2015

Asdo.: Javier Cerqueiro González

Voceiro/a do PSdeG-PSOE

A continuación trátase o rogo presentado polo PSOE o día 2 de decembro, que literalmente di:

Ó PLENO DO CONCELLO DE O CORGO

Don/a. JAVIER CERQUEIRO GONZÁLEZ, na súa condición de Voceiro/a do Grupo Municipal Socialista no Concello de O CORGO comparece e como mellor en Dereito proceda DI:

Que ó abeiro do disposto no artigo 97.6 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno os seguintes

ROGOS:

- *Reiteradamente, no noso Concello, vemos que nas estradas tanto principais como secundarias, se atopan gran numero de sinais, de diferente índole, completamente estragadas, tiradas no chan, entre maleza, facendo calquer uso, menos para o que están indicadas. A parte de dar unha imaxe de abandono e deixadez por parte do goberno, non cumpren a misión para a que se colocan. Polo tanto, solicito que se proceda á correcta colocación ou substitución de ditas sinais (espello roto Bocelo, sinal indicador Pedrafita, sinalización Campelo, sinal stop estrada Laxosa, alto de Gomeán no cruce da carretera xunto a casa de Justo, aviso stop carretera Santa Marina antes do cruce N-VI...).*
- *Os nenos son o futuro do noso Concello, e nós somos os responsables de coidar o seu entorno para que vivan nun contexto seguro e protexido, polo tanto solicito que se volva a colocar a marquesiña de autobús na zona da Estación xunto o apeadoiro de Adif, xa que foi retirada para proceder ó asfaltado da estrada e non se volveu a colocar, a pesar de que alí esperan o autobús escolar 6 pequenos; e tamén que se proceda ó arranxo da pequena zona de xogos situada na praza enfrente á Igrexa de Laxosa.*

En O Corgo a 26 novembro de 2015

Asdo. Javier Cerqueiro González

O alcalde, no referente á marquesiña, di que ten un orzamento duns 3000 euros. Hai que pedir unha tamén para San Fiz de Paradela, pero non poden ser de chapa.

De seguido trátanse as preguntas presentadas por escrito polo voceiro de DIC o día 1 de decembro, co número 2439, que son as seguintes:

1. Referente ás mocións do pleno anterior presentadas por este grupo (traída de auga e rede de sumidoiros en Chousa, coidado e limpeza das cunetas ao facer unha rexeneración, cando se faga a traída de auga ou a rede de sumidoiros dunha parroquia se deixe xa a provisión para o outro

servizo), atópase algunha en vías de execución? Xa se tiveron en conta á hora de novos proxectos?

O alcalde contesta que non se fixo ningún proxecto de obras.

2. Foi cambiado o punto de luz da casa do Cesteiro de Laxes?.

O alcalde contesta que se deu a orde pero agora mesmo non sabe si se levou a cabo.

3.Foi requerida a persoa que di ter dereitos de propiedade no Campo da Feira de Gomeán?.

O alcalde contesta que sí. Daniel trouxo unhas escrituras, aínda que farían falta as máis antigas. Ten pinta de ser unha servidume.

Javier Vila explica que segundo o Código Civil os propietarios da servidume teñen que tela en perfectas condicións de uso, e pide, para solucionar o problema, que se lle bote algo de zahorra para que este en condicións de uso, xa que lle gustaría rematar con este asunto.

O alcalde comenta que son os propietarios da servidume quen teñen que ter en condicións a mesma.

Comenta que tamén pedirá os títulos de propiedade de todo o que hai dentro do cerramento da finca, porque non ten claro de que todo o que hai dentro sexa da propiedade da finca pechada.

4.Xa vai para varios anos que o aseo de minusválidos do Centro Sociocultural se atopa estragado (cun carteliño por fora que pon "no usar, estropeado"), vai ser reparado ou vai seguir así?.

O alcalde di que nese local almacénanse produtos de limpeza, e poñen o cartel para que non se use. Explica que él non deu esa instrucción. Haberá que facer un armario para os produtos de limpeza.

Javier Vila comenta que, nalgún acto, un minusválido pode necesitalo.

5. En que situación se atopa o edificio da Playa do Rio Chamoso, sigue vixente o contrato ou xa se rescindiu? De ser o caso, que procedemento se pensa seguir para unha nova adxudicación?

O alcalde di que xa rematou o contrato. A técnica municipal fará unha valoración para ver o que supuxeron os anos de carencia, xa que agora a finalización ten que compensala segundo o prego.

Despóis volverá a sacarse a contratación.

6. Tocante ao Centro de Interpretación, pénsase facer algo referente á finalidade do proxecto inicial?

O alcalde di que se quixo habilitar o local pequeno –no comedor pequeno– para facer unha exposición de fotos sobre a fauna do río ou similar. Opina que todo é bo.

Mario Outeiro di que non se faga unha chafallada, que se trate de poñer en valor as peculiaridades do patrimonio do concello (pontes, muiños, mazos...) e a súa flora e fauna específica. Non se trata de repetir fotos ou carteis que haxa noutros sitios, xa que poden verse por internet. Explica que esto pódese facer cun coste nulo.

Marcos Trashorras comenta que se pode asociar a unha ruta fluvial

7. En que fase atopa a xestión do punto limpo do Corgo?

O alcalde dille que se apostou porque fose no polígono empresarial, pero hai que buscar a parcela que se adapate ao servizo.

Javier Vila di que se retira do pleno por asuntos laboráis.

De seguido trátanse as preguntas presentadas polo PSOE o 2 de decembro, que son as seguintes:

- Co peche do Centro de Interpretación do Río Chamoso, na Praia Fluvial, ¿en que situación queda dita instalación?.

O alcalde di que xa se contestou unha pregunta de DIC.

- No que concerne ás obras do anexo do campo de fútbol, vaise proceder á iluminación de ditas instalacións?

O alcalde contesta que o presidente do C.D. Corgo contactou cun técnico da federación galega de fútbol, que veu ver o campo. Para o ano que ven haberá que solicitar unha axuda para un campo de herba artificial.

- ¿Cómo se atopa a situación de estudio para a creación dun novo trazado en Alfonxe aprobado no Pleno do 30 de xullo?.

O alcalde di que hai que facerse cos terreos.

Non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás quince horas e trinta e cinco minutos, redactándose a presente acta. Dou fe.